



# GUÍA DA RESERVA DA BIOSFERA



A BOLA · RAIRIZ DE VEIGA  
VILAR DE SANTOS · ALLARIZ



Proxecto de Dixitalización Cofinanciado por:



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



MINISTERIO  
DE INDUSTRIA, TURISMO  
Y COMERCIO



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

plan  
avanza»»

EDITA:

Asociación da reserva da Biosfera  
Área de Allariz ADIVA - BORA

COORDENACIÓN EDITORIAL:

Rural Consulting, S.L.

FOTOGRAFIA:

Arquivos fotográficos municipais de Allariz, Rairiz de Veiga,  
Vilar de Santos e A Bola; Arquivo do Museo Arqueolóxico de  
Ourense, Juan Marcet, ReviravoltaDesign, Rural Consulting,  
Stephen Fallows.

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

ReviravoltaDesign, S.L.

IMPRIME:

Graficas Gallegas

DEPÓSITO LEGAL:

## ÍNDICE

CERTIFICADO DA UNESCO

7

MENSAXE DOS ALCALDES AOS  
VECIÑOS E VECIÑAS

9

QUE É UNHA RESERVA DA BIOSFERA

13

HOMES, MULLERES E TERRITORIO

25

OS OFICIOS DE SEMPRE

42

A VIDA NA RESERVA HOXE

48

FLORA E FAUNA DA RESERVA

59

NÚCLEOS DE SOSTIBILIDADE

69

COIDAR A RESERVA É RESPONSABILIDADE  
DE TODOS

75



ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS  
PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA

MAB

## *Programa sobre o Home e a Biosfera*

*Por decisión do Consello Internacional  
de Coordinación do  
Programa sobre o Home e a Biosfera,  
certifícase que*

# *Reserva da Biosfera Área de Allariz*

*forma parte integrante da Rede Mundial  
de Reservas da Biosfera*

*Os principais tipos de ecossistemas e paisaxes do noso planeta están representados nesta Rede,  
que está consagrada á conservación da diversidade biolóxica,*

*á investigación científica e á educación permanente, así como á definición de modelos  
de desenvolvemento sostible ao ceteizo da humanidade.*

*Participar na Rede Mundial facilita a cooperación e os intercambios  
a nivel nacional e internacional.*

Data de inscrición: 29 - VI - 2005

  
Director Xeral da UNESCO



Teresa Barge  
ALCALDESA DE A BOLA

Francisco García  
Suárez  
ALCALDE DE ALLARIZ

Xaquín Rodríguez  
Ambrosio  
ALCALDE DE RAIRIZ DE  
VEIGA

Xan Jardón Pedras  
ALCALDE DE VILAR DE  
SANTOS

# RESERVAS DA BIOSFERA DA UNESCO

LUGARES PRIVILEXIADOS  
PARA O HOME E A  
NATUREZA.



MENSAXE DOS ALCALDES  
AOS VECIÑOS E VECIÑAS



**N**o mes de xullo do 2.005, a UNESCO declarou os Concellos de Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, A Bola e Allariz, Reserva da Biosfera baixo a denominación AREA DE ALLARIZ. Isto significa un importante recoñecemento á xestión realizada nestes anos, ás iniciativas e proxectos que se puxeron en marcha e contribuíron a aumentar a calidade de vida dos veciños e veciñas, a mellorar as perspectivas económicas de futuro, a paliar a desertización do mundo rural, utilizando e facendo máis valiosos os nosos recursos con respecto polo medio ambiente como requisito para garantir o futuro. Pero sobor todo, a declaración de Reserva da Biosfera pola UNESCO significa unha responsabilidade e un reto moi importante como “laboratorio de desenvolvemento sostible” e polo tanto como modelo para impulsar boas

prácticas que poidan levarse a cabo noutros territorios.

Estes obxectivos só se poderán acadar cunha participación social activa que seguiremos impulsando para garantir que as paisaxes, o territorio tan valioso que herdamos dos nosos antepasados, siga tendo unha relación harmoniosa co home, que faga posible que, o lexítimo dereito e aspiración de crecemento económico, non implique o deterioro irreversible dos recursos naturais e, polo tanto, permita manter o disfrute da calidade de vida e o coitado da nosa paisaxe. Europa é un mosaico de culturas que debemos preservar cun desenvolvemento creativo, innovador, intelixente do patrimonio territorial (natural e cultural) base da nosa identidade e importante activo económico.

A propia UNESCO, na declaración da Area de Allariz como Reserva da Biosfera, facía unha especial mención ó traballo realizado nos nosos concellos no aproveitamento dos valores culturais, etnográficos, paisaxísticos como un dos principais logros acadados e como un dos aspectos relevantes que, xunto cos valores naturais do noso territorio, xustificaban a designación como Reserva da Biosfera.

O anagrama da Reserva da Biosfera da Area de Allariz pretende reflectir esta necesidade de harmonía coa natureza, mostrando unha paraxe natural coas cores verdes do seu entorno en diferentes tonos, froito da súa diversidade, coas cores azuis dos seus ríos e do seu ceo, e coa encarnada dos tellados das vivendas dos

seus habitantes. Harmonía que é a que fai posible crear lugares privilexiados para o home e a natureza, como indica o lema de Reserva da Biosfera.


A Reserva da Biosfera da Area de Allariz é un escenario territorial que chama a atención e suscita o interese pola beleza da súa arquitectura, a calidade dos espazos e do seu medio ambiente, pero tamén pola consciencia e o orgullo dos veciños e veciñas, e pola dignidade persoal e colectiva que mostran. A súa participación ten sido decisiva nesta transformación e será imprescindible para acadar novos retos no futuro.

Jorge Luis Borges dicía *“en realidade unha casa é moi parecida a outra casa, o que importa é si está no ceo ou no inferno”*.


Sen dúbida, debemos traballar dende as administracións para que as casas dos nosos veciños, aínda que parecidas ás outras casas, sexan mellores, pero sobor todo para que o espazo, o contexto, o territorio no que se ubican, sexa o máis próximo ao ceo, convertindo en realidade o lema das Reservas da Biosfera: construír lugares privilexiados para o home e a natureza.







QUE É  
UNHA  
RESERVA DA  
BIOSFERA



**N**o ano 1970 a UNESCO (ORGANIZACIÓN DAS NACIONS UNIDAS PARA A EDUCACIÓN, A CIENCIA E A CULTURA) iniciou o proxecto “HOME E BIOSFERA”. Como o seu propio nome indica, este proxecto céntrase en dous conceptos; por un lado, OS HOMES E AS MULLERES, e polo outro, o TERRITORIO no que estes desenvolven as súas relacións económicas e sociais: A BIOSFERA.

O obxectivo que a UNESCO persegue é ter, a nivel mundial, unha mostra de territorios representativos de formas de relación entre o HOME e o TERRITORIO que sexan modelos de conciliación entre o bo uso dos recursos naturais e a súa conservación ao longo do tempo: **Territorios cun desenvolvemento perdurable.**

Isto é o que se coñece como **REDE MUNDIAL DE RESERVAS DA BIOSFERA.**

As Reservas da Biosfera pretenden ser un exemplo práctico de cómo resolver unha pregunta esencial no mundo de hoxe:

*Cómo chegar a un equilibrio entre o desenvolvemento económico e social, o mantemento dos valores culturais propios e a conservación da diversidade biolóxica?*



Como acontece moitas veces na natureza, a resposta a esa pregunta témola diante de nós, como resultado da experiencia acumulada no decorrer dos anos mediante mudanzas lentas mais seguras, é dicir, como resultado da sabedoría popular.

O Home sabe desde hai moito tempo cómo conviver en harmonía co seu medio; o desenvolvemento non ten por qué enfrontarse co respecto á natureza.

A UNESCO quere que este territorio sirva como exemplo a outros, xa que aquí demostrase que desenvolvemento e conservación poden ir da man.



O desenvolvemento sostible (ou mellor, perdurable) fai referencia á utilización de forma racional dos recursos naturais dun territorio, coidando de que non sexan esquilados, para que as xeracións futuras poidan facer uso deles tal e como levamos feito nós.

A necesidade deste desenvolvemento perdurable ven dada polo feito de que temos uns recursos naturais que poden esgotarse por causa dunha crecente actividade económica sen máis criterio que o puramente económico e que, como xa se ten demostrado, produce graves problemas ambientais que se poden tornar irreversibles tanto a nivel local como planetario.

A función principal das reservas da biosfera consiste na **conservación e protección da biodiversidade**. Mais tamén perséguese o **desenvolvemento económico e humano destas zonas**, así como a investigación, a educación e o intercambio de información entre as diferentes reservas que forman a rede mundial.

As Reservas da Biosfera están daquela recoñecidas internacionalmente e son seleccionadas polo seu interese científico, con base nunha serie de criterios que determinan se un espazo se inclúe ou non no programa.





## **A** ZONIFICACIÓN NAS RESERVAS DA BIOSFERA.

Dentro do ámbito territorial das Reservas da Biosfera delimitáanse varios tipos de zonas, en función do interese que teñan para o mantemento da Reserva; estas son:

**As ZONAS NÚCLEO  
As ZONAS TAMPÓN  
e as ZONAS EXTERIORES DE  
TRANSICIÓN.**

As zonas núcleo da Reserva son aquelas que polas súas características teñen un maior interese ecolóxico e de conservación a longo prazo.

Temos que poñer especial atención en que as actividades que se realicen nestas áreas non sexan lesivas para o medio, dado que polas súas características teñen un alto valor.





## ¿Cales son as zonas núcleo desta Reserva?

### No concello de Allariz:

- 1.- **O BRIÑAL** ou **ESCADAS**: Son 13 Has. dun tramo ben conservado da vexetación de ribeira do río Arnoia.
- 2.- **O CANELAR**: Ten 63 Has., na confluencia dos regatos de **Fontes** e do **Canelar**.
- 3.- **O FOXO VELLO**: É outra zona ás beiras dun regato, que ocupa 1 Ha.

### No concello de Rairiz de Veiga:

- 4.- **AS VEIGAS DE PONTELIÑARES**: Incluídas dentro da Rede Natura 2000, constitúen un reducto da paisaxe anterior ao desecamento da Lagoa de Antela. Ocupa unha superficie de 51 Has.
- 5.- A **CARBALLA DA SAÍNZA**, cunha extensión de 1 Ha, acolle un exemplar de carballo con nome propio, “A carballa da Saínza” ou “da Rocha”. **Declarada monumento natural**.
- 6.- **O CASTRO DE CASTRELO**: Con 8 Has. na que os vestixios arqueolóxicos teñen unha especial importancia.
- 7.- O **CASTRO DE SAN MIGUEL**, de 3.5 Has.: É outra área con especial interese patrimonial alén de ser un magnífico observatorio das Veigas de Ponteliñares.

### No concello de Vilar de Santos:

- 8.- **O RUXIDOIRO**: cunha extensión de 7.7 Has., e nel concéntranse enterramentos prehistóricos e ecosistemas de bosque autóctono ben conservado constituídos por carballos centenarios.



Arrodeando ou limitando estas **Zonas Núcleo**, sitúanse as **Zonas Tampón**. A súa importancia dentro da Reserva é fundamental dado que son as áreas do territorio **onde se centran a maior parte das actividades humanas**. Nestas zonas foméntanse as actividades, xa produtivas, xa para o lecer, que favorezan o equilibrio e o desenvolvemento dun xeito sostible no tempo.

Por último, o resto do territorio da Reserva é a chamada **Zona Exterior de Transición**. Como o seu nome indica, esta parte do territorio serve como transición entre a Reserva e os outros territorios

### **Quen determina qué se pode e qué non se pode facer nas reservas da Biosfera?**

Os únicos documentos nos cales se pormenorizan os posibles usos e aproveitamentos da terra dentro da área da Reserva da Biosfera son os **Planos Xerais de Ordenación Municipal de cada concello** e neles débense de establecer as bases para atinxir un **desenvolvemento sostible**.

Para que a UNESCO designe un territorio como RESERVA, cómpre que este teña un Plan de Ordenación concibido para acadar un desenvolvemento perdurable; a UNESCO non é por tanto quen determina, como algúns pensan, o que se pode e o que non se pode facer. Esta organización analiza os documentos que integran os Plans Xerais de Ordenación Muni-



cial e con base neles e na realidade do territorio, determina se realmente os veciños e os seus gobernantes están a facer unha aposta de FUTURO no territorio.

*O planeamento debe de ter como norte o establecemento dun modelo que, sen renunciar a unha auténtica modernidade, preserve os valores esenciais do territorio que aínda perduren, facilite unha explotación racional dos recursos tradicionais, poña en valor novos recursos, e todo iso como medio para acadar unha mellora da calidade de vida para o conxunto da poboación.*


Texto para o PXOM de Vilar de Santos, feito por Consultora Galega, redactora dos plans de ordenación dos catro concellos da reserva.

Os Plans Xerais de Ordenación Municipal son moito máis ca un plan urbanístico; representan unha declaración de principios, unha guía para o presente e o futuro. O Plan Xeral é o documento no que os gobernantes locais expresan cal é o seu proxecto, como conciben o futuro dos veciños e do territorio; coñecelo é un dereito e unha obriga para todos.

Na actualidade os catro concellos da Reserva preparan conxuntamente a Axenda 21; un documento que recolle de forma ordenada as ideas e medidas para garantir o desenvolvemento sostible da Reserva no século XXI.







HOMES,  
MULLERES E  
TERRITORIO





**A**o longo dos tempos, os habitantes destas terras foron tecendo unha historia común, formando parte dun mesmo territorio e mantendo entre si estreitas relacións. Non podemos esquecer que ata ben avanzada a Idade Media, Allariz, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, A Bola e mesmo Celanova, formaban parte dunha mesma entidade territorial que os historiadores dan en chamar A LIMIA e da que Allariz foi a vila máis importante.

Cómpre salientar que o que hoxe coñecemos como límites entre os diferentes termos municipais non existiron ata mediados do século XIX, pois os concellos como institucións locais ou as provincias como divisións territoriais non foron creados ata o 1833.





## Do século IV Antes de Cristo ata o V Despois de Cristo

Os núcleos que hoxe denominamos **CASTROS** son os primeiros asentamentos coñecidos utilizados polas persoas para se agruparen; alí viven ata a chegada dos romanos que reordenan a poboación creando as primeiras **VILLAE**. Nestas, a agricultura consolídase como a actividade económica principal, pois os romanos aproveitan a fertilidade do terreo espallando o cultivo de cereais como o trigo e o centeo. Contribuíron asemade á expansión do castiñeiro e do carballo, árbore que cos séculos chegará a ser símbolo da Galiza.

Os romanos construíron as calzadas ou **VIAS**; a máis importante neste territorio, a **Vía XVIII**, unía Braga con Astorga, dous centros do poder galaico naquela altura. Desta vía saían outras secundarias; aínda que hoxe sexa difícil recoñecer o seu trazado, no debuxo apúntase unha das moitas posibilidades.



O dominio romano termina cando se instalan os **suevos** no noso territorio, despois de estes asinaren un acordo de paz cos romanos que lles permite facerse coas terras e o poder como novos amos do país.

GUERREIRO DA CIBDÁ DE ARMEA.  
MUSEO ARQUEOLÓXICO DE OURENSE.  
FOTO: FERNANDO DEL RIO.

# Época Castrexa e



## Lenda



**Castro**



**Vila Romana**



**Calzada Romana**

## Castro

Agrupación de vivendas, normalmente circulares, construídas en lugares altos, con boa visibilidade e fáciles de defender.

## Villae

Explotación agraria e núcleo residencial, no que reside un propietario (romano) e os servos que traballan as terras.

## Via

A Vía  
prov  
emp

## Mili

Colu  
qm.  
Vila

# Romana Séculos II aC - IV dC



**Vía XVIII**  
A Vía XVIII era a máis importante en toda a provincia de Ourense; foi construída polo emperador Augusto.

**Millario**  
Columna de pedra que marcaba as millas (1,6 km) nas vías romanas; foron atopados varios en Galicia e no norte de Santos.

**Suevos**  
Tribo procedente do norte de Europa que, xunto con outros pobos tamén chamados "bárbaros", pacta cos romanos, instalándose entón entre o Douro e o Miño. O pacto chamouse FOEDUS.

# Época Medieval



## Lenda



Granxa



Igrexa



Mosteiro



Castelo



Núcleo



Camiño Medieval

## Evanxelización

Cristianización dos habitantes destas terras que ata entón practicaban ritos pagáns. Neste proceso, foi importante a Orde Benedictina (fundada por San Bieito) apoiada polos reis de Castela e a igrexa Compostelá, a través dos mosteiros.

## Concilio

Reunión de autoridades eclesiásticas onde se deciden cuestións de fe e normas que deben observarse na Igrexa católica.

Me

Cer  
Ida  
o s

Re

Pro  
mo  
col  
xur  
ag

Ce

Per



# Medieval Séculos IV - XV



**Mosteiro**  
Centro relixioso masculino con grande poder na Idade Media, que preservou e difundiu a cultura e o saber, así como as melloras na agricultura.

**Repoboación**  
Proceso de concesión de terras, por parte da monarquía, aos nobres e á Igrexa co fin de repoboar zonas semi-despoboadas, reordenalas administrativamente e explotar os bosques, a agricultura e a gandería.

**Mosteiros**  
Pequenos mosteiros.

**Vila Real**  
Título concedido polo rei a unha vila mediante unha carta foral, regulando as normas da vida local e outorgando dereitos e privilexios, independizándoa de calquera outro poder laico ou eclesiástico.

**Colonia xudía**  
Os xudeos chegan a Galiza procedentes do sur da península, asentándose nas vilas máis prósperas onde podían desenvolver as súas actividades comerciais, así como emprestar diñeiro a xuros á nobreza e á monarquía, para a construción de edificios suntuarios ou a financiación de guerras.

## Do século VI ata o XV

Séculos máis tarde, coa chegada da **evanxelización**, a organización do territorio é artellada nos **concilios** e neles créase a figura da **PARROQUIA**, que aínda hoxe empregamos. Desta época son as vilas (herdeiras das “villae” romanas), os vilares e vilariños, nomes cos que se designaban as porcións de terra que os reis brindaban aos señores para que nelas exercesen o seu poder tornándoas explotacións agrarias, e que deron lugar ás actuais aldeas e poboacións.

Igrexa e nobreza reparten o territorio e exercen o poder político e económico sobre a numerosa poboación labrega: **O Mosteiro de Celanova** desempeña un papel fundamental como propietario da terra e centro de irradiación cultural, impulsando a agricultura e a **repoboación** desde pequenos **cenobios** que del dependen, como o de San Munio, Santo André, San Trocado, San Martiño ou Amiadoso.

**Allariz** é designada entón **Vila Real**, sendo residencia de reis e nobres nunha época de esplendor e apoxeo cultural, da que tamén formou parte a **colonia xudía**, xerme de artesáns e de oficios como curtidores ou teceláns.

Porén, os excesos de poder de certos nobres dan lugar no século XV ás **Revoltas Irmandiñas** encabezadas por artesáns, homes libres da vila e pequenos propietarios de terras que, xunto cunha maioría labrega, rebélanse en contra do poder detentado pola vella nobreza e parte do clero.



## Do século XVI ao século XIX

Como consecuencia das loitas de poder pola posesión do territorio, van xurdindo límites, xurisdicións e señoríos, intensificándose o carácter da zona como fronteira e de encrucillada de camiños e conformándose un **sistema feudal** que se mantivo desde a Idade Media e durante o **Antigo Réxime** ata a súa abolición no século XIX.

A súa célula básica foi a **XURISDICIÓN**, un territorio de límites precisos, sometido ao poder dun señor, laico ou eclesiástico. Este poder incluía a administración de xustiza, o recrutamento ou a capacidade normativa que regulamentaba aspectos da vida cotiá, como pesos e medidas, salubridade, moral, etc. A propiedade da terra en mans duns poucos e o ríxido control económico que estes exercían desde **PAZOS** e “Casas Grandes” a través de **foros** e arrendamentos, fai que a meirande parte dos labregos estean ferreamente sometidos ao seu señor, aínda que tamén comezan xa a aparecer pequenos propietarios que non dependen de ninguén, normalmente con algún oficio artesán.

Chegan desde América, a partir do século XVIII, novos cultivos como o millo e a pataca, que favorecen o desenvolvemento da agricultura e o espectacular crecemento da poboación. As **FEIRAS** medran e consolídanse, constituíndo a base do comercio naquela altura. Mais, infelizmente, este desenvolvemento agrario non foi acompañado pola modernización dos oficios artesanais, como no resto de Europa, pois a burguesía galega non foi quen de promo-



# Época Mo



## Lenda



Pazo



Igrexa



Núcleo



Canastro



Muíño



Feiras

Camiño Real

## Sistema Feudal

Complexa organización social, política e económica na que os señores detentaban a propiedade da terra e os servos lla traballaban suxeitos a fortes arrendamentos.

## Antigo Réxime

Período histórico, tamén chamado Idade Moderna, que abarca desde o s. XV ata o XVIII.

## Pazos

Casa fi  
propie



# derna Séculos XVI - XIX



dalga no rural galego, con extensas  
dades agrarias darredor.

## Foro

Contrato de cesión de terra entre o terrateniente e o labrego a cambio dunha renda, normalmente en especie.

## Feiras

A súa orixe hai que buscala nos mercados de gando e nas romarías ou festas relixiosas, momentos que eran aproveitados polos que acudían a elas, para vender produtos excedentes da agricultura. Eran moi importantes as de A Saínza, A Pereira, A Bola e Allariz, especializada na compra de gando para curtido de coiros.

## ÁREA DE ALLARIZ

ver un proceso de industrialización e a partir do século XIX comeza o fenómeno da emigración que ha influír decisivamente na demografía do territorio e no seu desenvolvemento posterior.

Desde 1836, o territorio queda configurado como o coñecemos hoxe en día, dividido en provincias; nese ano nacen como administracións locais os Concellos de Allariz, Rairiz de Veiga, Vilar de Santos e A Bola. Esta nova organización foi inspirada polos ideais da Ilustración e a Revolución francesa aínda que non foi o único cambio na época, xa que comeza entón un período longo coñecido como DESAMORTIZACION, iniciado polo Estado, a través do cal se subastan públicamente terras e bens non produtivos en poder da

Igrexa e dos nobres coa finalidade de favorecer a creación dunha clase media de pequenos propietarios. Neste territorio afecta especialmente aos mosteiros de Celanova e ao convento de Santa Clara en Allariz, así como a Trandeiras e Oseira, con grande poder sobre esta área.

O proceso non finaliza en Galicia ata ben entrado o século XX, cando grazas a presións e mobilizacións das organizacións agrarias en contra do sistema foral e do caciquismo, a propiedade da terra pasa definitivamente a mans dos labregos. Este movemento popular e labrego é coñecido como AGRARISMO.



## O século XX ata a actualidade

**A**s primeiras décadas do século XX foron duras pois o agro estaba sumido nunha profunda crise e moitos optaron por emigrar, e non deixaron de facelo ata finais do século. Primeiro a América e logo a países máis desenvolvidos da Europa ou cidades grandes en áreas como Euskadi ou Cataluña. Isto deu lugar a unha despoboación gradual pero continua dos núcleos rurais que chega ata hoxe.

En 1931 os habitantes saúdan a chegada da II República coa esperanza de que consiga mellorar a súa situación; realízase un esforzo importante para incentivar a educación e a cultura entre a poboación, especialmente a través da creación de escolas e bibliotecas. Asemade, xurde con forza o nacionalismo. En Galicia apróbase o Estatuto de Autonomía no 1936 pero non se chega a aplicar pois o estourido da Guerra, acaba por paralizar o proceso.

O Golpe de estado encabezado polo Xeneral Franco deu lugar a esta sangrenta Guerra



Civil desde 1936 a 1939. Os anos de Posguerra e a ditadura franquista, imposta desde a finalización da contenda, non fan máis que prolongar a situación de escasez e atraso. Impóñense as cartillas de racionamento e nace o “estraperlo”.

O ano 1942 foi especialmente desgraciado, sendo coñecido como “ano da fame” e recordado aínda hoxe con profunda dor na Limia, pola perda das colleitas de cereal a causa da sequía e consecuente carestía do pan, alimento básico para a subsistencia.

O mercado negro garantiu nestes anos un abastecemento de produtos, permitindo o enriquecemento de determinados individuos, e por outro lado a supervivencia de moita xente.

Porén, en Allariz pequenas industrias familiares como os curtidos ou os muíños fariñeiros, viven momentos de prosperidade ata a década dos 60, cando o Exército deixa de comprar aquí, debido á escasa competitividade dunha industria que non conseguiu modernizar as



instalacións, así como a chegada de produto manufacturado e materia prima de fóra que conduce á decadencia e peche dos negocios.

Neste mesmo momento, o Goberno Franquista decide a desecación da lagoa de Antela dentro dos chamados “Planes de Desarrollo” que lonxe de mellorar a situación, acaban cun dos lugares de máis alto valor ecolóxico de Galicia.

A partir destes anos non toda a área da Reserva tomará o mesmo camiño, pois mentres a vila de Allariz parece durmir un profundo sono que mantén intacto o seu valioso patrimonio arquitectónico durante décadas, e grazas ao cal experimentará nos anos 90 un vigoroso renacemento, os concellos da comarca da Limia comezan unha andadura cara á mellora das súas explotacións agrarias, valéndose dos cartos que envían os emigrantes. Son tempos nos que a proliferación do cultivo da pataca proporciona importantes ingresos aos agricultores, o que leva anos máis tarde á realización da Concentración Parcelaria.

Aínda sabendo que este proceso requería dunha análise máis profunda, e sin negar os desastrosos efectos do monocultivo da pataca sobre a paisaxe e o futuro agrario da zona, non podemos deixar de recoñecer que nestas décadas a poboación destes concellos puido, por primeira vez na historia, mellorar o seu nivel de vida e aumentar as súas rendas.





## Os oficios de sempre

### OS LABREGOS



A meirande parte da poboación ten adicado a súa vida ó agro como labregos ou como artesáns de oficios directamente relacionados coa terra. **Cereais e patacas** eran a base da súa economía; o calendario anual estaba organizado arredor das diferentes tarefas que se desenvolvían no agro entre a sementeira e a recollida.

### OS CANTEIROS

A PEDRA é o material fundamental na construción, dada a abundancia de rochas graníticas. A tradición dos canteiros e pedreiros configúrase en época medieval e chega



ata os nosos días. A pedra chegaba ó artesán xa cortada cunha determinada forma e este labraba as pezas necesarias para o traballo, batendo co **martelón** no **cicel**. O traballo facíase a pé de obra; ás veces, o canteiro debía ficar fóra da súa morada longas tempadas. Como outros gremios, os canteiros tiñan a súa xerga "*a arxina*".

### OS FERREIROS

Durante moito tempo, o ferreiro foi fornecedor de toda clase de útiles de traballo indispensables. No seu obradoiro, o ferro é forxado e moldeado ata adoptar múltiples formas e usos para a casa, o agro, etc. O traballo faise na **forxa**, instalada fóra da vivenda. Consta



de *fornalla, fol e pía de auga*, ademáis dunha serie de ferramentas coas que transformar a materia prima: o FERRO.

### OS CARPINTEIROS

Traballaban a MADEIRA e dividíanse segundo a súa especialización en: *toneleiros, zoqueiros, fragueiros* (constructores de carros) e *torneiros*. Elaboran calzado, moblaxe, embarcacións, carros, apeiros e ferramentas de todo tipo.



### OS SERRANCHINS

Era un oficio itinerante; percorrían a xeografía galega, alí onde eran requeridos, traballando a cambio de manutención e habitación. No monte, cortaban o tronco das árbores co **tronzador**. As toradas de madeira eran transportadas en carros ata a casa; logo, colocaban no “burro” os troncos para serralos ca **serra portuguesa**.



### AS FIANDEIRAS

En xeral case que tódalas mulleres aprendían a fiar desde nenas. Nas noites de inverno xuntábanse a carón do lume e fiaban xuntas. A este tipo de reunións chamábaselle **OS FIADEIROS** e tiñan un papel fundamental na vida social dos pobos, xa que nelles non só se fiaba senón que tamén se cantaba, contábanse historias, participando tamén os mozos que acudían para cortexar ás mulleres.





### AS TECEDERAS

Traballan no **tear**, tecendo materiais como *liño, lá e algodón*. Antigamente rara era a aldea, por pequena que fora na que non houbera un



tear, co que confeccionaban toda a roupa de fogar, prendas de vestir, etc. Tamén tra-

ballaban por encarga ou para vender nas feiras, pero na primeira metade do século XX esta actividade foi esmorecendo ata desaparecer.

Na actualidade, algunhas artesás están recuperando o traballo tradicional no tear.

### OS AFIADORES

Este oficio estaba moi extendido na provincia de Ourense en xeral. Aínda hoxe percorren todo o territorio galego, e teñen unha xerxa especial: *O barallete*. Traballan coa **roda** que leva a **pedra de afiar** ou **esmeril**. Cada afiador leva un pito, co cal van avisando da súa chegada.


### OS FEIRANTES

Polo xeral, eran campesiños que procuraban un maior ingreso económico na feira, vendendo produtos elaborados ou colleitados por eles mesmos. Algúns vivían directamente dos tratos na feira: eran os **tratantes** e adicábanse á compravenda do gando.

Abundaban os **arrieiros maragatos** que traían un pouco de todo; moitos deles comerciaban cos lenzos de liño que mercaban na comarca e vendían en Castela.

**OS SEITUREIROS**

Moitos homes destas zonas marchaban á *sega a Castela* para traballar coma temporeiros. Polo mes de Xuño comezaban a organizarse en “cuadrillas” dirixidos polo “maioral”. Cada un levaba a súa **fouce** para traballar na sega do trigo, sobre todo. Percorrían o camiño ata Castela a pé e mais tarde en tren, e dividíanse en **atadores** e **seitureiros** segundo a idade.

**OS CURTIDORES**

Artesáns moi representativos en Allariz desde a Idade Media ata a década dos 60 no século XX. As casas adicadas á transformación do coiro utilizaban a pel de animais da contorna, que sometían logo a un proceso bastante complicado no que a auga era fundamental. Por isto, sitúanse xeralmente a carón de ríos e regatos. Asemade, moitas destas “fábricas”, que en realidade eran casonas, estaban apartadas dos núcleos habitados. A razón hai que busca na súa orixe, pois entre os xudíos o oficio de curtidor estaba relacionado coa impureza, estando obrigado a realizar o seu traballo fóra da vila ou cidade.

**OS ZAPATEIROS**

O oficio de zapateiro foi tamén moi característico e estaba directamente vencellado coa produción de coiros na





vila; os zapateiros non gozaban de boa fama porque, ao igual que o de curtidor, este oficio estivo moito tempo asociado aos xudeos pois a tradición consideraba que moitos xudeos conversos foran zapateiros.

O zapateiro que arranxaba o calzado era máis modesto que o que facía os zapatos, luxo que non estaba ó alcance de todos.

### **OS TELLEIROS**

A elaboración e comercialización da tella foi unha actividade económica, complementaria da labranza, moi importante na zona de veigas da Lagoa de Antela. En pobos como Congostro (Rairiz de Veiga), aproximadamente un 30% das familias adicábanse á fabricación da tella, e case o 70% restante traballaba puntualmente no carrexo das pezas rematadas ata os puntos de destino, habitualmente na Raia portuguesa.

### **OS MUIÑEIROS**

O muiño é unha industria de tipo doméstico na que, aproveitando a forza hidráulica de ríos ou regatos, o muiñeiro moe o gran que lle levan os veciños, a cambio do pago dunha cantidade dacordo coa cantidade de gran moído: a MAQUIA. Cando máis se moía era durante o inverno pola abundancia de auga, acudindo xente non só da vila, senón tamén das aldeas da contorna. Moitas veces, estas persoas viñan de bastante lonxe, (por exemplo desde Vilar de Santos ata Allariz) e cando chegaban tiñan que esperar turno para moer, polo que ás veces facían noite no muiño; estas noites ou *muiñadas* eran auténticas reunións sociais con festa, música e baile.

## A vida na reserva hoxe

A poboación da Área de Allariz distribúese principalmente en núcleos dispersos. A reserva conta cun total de **32 parroquias** que espallan a poboación e, ao mesmo tempo, achégana á terra que traballan ou traballaban.

A maior parte da poboación vive nas chamadas *Áreas de Transición*, e tan só un 29% está dentro das *Zonas Tampón*. Para un axeitado equilibrio medioambiental é moi importante seguir sendo quen de manter estes niveis de poboación en cada área.

Nos últimos anos apréciase un importante crecemento do número de vivendas, aínda que por desgraza o número de antigas edificacións que foron abandonadas segue a ser unha ameaza. Para evitalo, nos concellos da Reserva estése a facer unha aposta decidida pola recuperación



do patrimonio que se concreta na recuperación de antigos edificios para usos públicos. Este esforzo dos concellos está a ser recompensado polos veciños que, seguindo o seu exemplo, recuperan de maneira individual as vivendas familiares que herdán. Sen dúbida, tamén é importante o número de forasteiros que, atraídos pola sona deste territorio, comezan a comprar e a rehabilitar.

Nalgunhas parroquias, esa tendencia comeza a ser moi evidente; é o caso da vila de Allariz ou Requeixo de Valverde, aínda que tamén son de destacar Soutomel, Vilar de Santos, Parada de Outeiro ou Ordes onde, se ben o aumento da poboación non é significativo, si existe unha ruptura da tendencia na regresión demográfica.

A idade media da poboación sitúase nos **50 anos**. O envellecemento e a baixa natalidade





son algúns dos problemas para manter un desenvolvemento sostible xa que tan só o 58% da poboación está en idade de traballar. A solución a este problema pode vir dada polos movementos de poboación desde outros territorios, ben sexa de persoas do territorio que retornan da emigración ou persoas de fóra que, atraídas polos proxectos que aquí se están a pór en marcha, decidan elixilo como fogar. Este factor comeza a reflectirse no aumento da porcentaxe de poboación residente na área pero que non naceu na mesma.

A maior parte da poboación ocupada pertence ó sector servizos, non obstante a agricultura é o sector que maior importancia ten no mantemento do medio, sendo a actividade que abarca a maior parte do territorio e contribuíndo a manter o equilibrio medioambiental existente. Ó longo da historia, unha das principais características que define á sociedade que se asen-



ta neste territorio é a de fundamentar a actividade económica na agricultura, e en menor medida na gandeira. Aínda que actualmente ten aumentado substancialmente a poboación adicada ós sectores secundario e terciario, a relación coa actividade agropecuaria segue a ser moi forte.

Na década de 1970 iniciouse a modificación dos sistemas de cultivos que veu dada polos procesos de concentración parcelaria que afectaron á comarca da Limia, incluída en parte dentro da Reserva. A partir deste momento, a agricultura comeza a fundamentarse no cultivo da pataca e, en menor medida, dos cereais de inverno, nun sistema de rotación entre os dous cultivos.

Vilar de Santos, Rairiz de Veiga e a parroquia de Coedo en Allariz pertencen a unha das zonas máis produtivas de Galicia no referido á





## Poboacion na reserva por parroquias

Concello	Nome da parroquia	2006
Allariz	Augas Santas	219
	Santo Estevo	270
	Allariz (Santiago)	3.236
	Coedo	59
	Os espiñeiros	123
	Folgozo	165
	San Vitoiro da Mezquita	153
	San Martiño de Pazó	139
	Queiroás	288
	Requeixo de Valverde	135
	San Trocado	78
	Seoane	120
	Torneiros	174
	San Mamede de Urrós	81
	Santa Baia de Urrós	102
	Meire	87
A Bola	San Martiño de Berredo	116
	San Miguel de Berredo	122
	Santa Eulalia de Berredo	271
	Santiago de Pardavedra	151
	Santa María de Podentes	218
	San Mamede de Sorga	147
	Santa Leocadia de Soutomel	163
	San Munio de Veiga	329
Rairiz de Veiga	Candás	35
	Congostro	130
	Guillamil	371
	Lampaza	196
	Ordes	251
	Rairiz de Veiga	580
	Sabariz	154
Vilar de Santos	Zapeaus	42
	Parada de Outeiro	511
	Vilar de Santos	514
<b>Totais</b>		<b>9.730</b>

agricultura. A extensión do cultivo da pataca supuxo unha revolución no desenvolvemento do sector agrícola na zona. De feito, ata existe unha denominación de orixe que certifica a calidade do produto. O inconveniente principal deste sistema baseado no bicultivo extensivo de pataca e cereal é a forte dependencia da economía dos agricultores dos prezos dun mercado pouco estable. Por iso, cada día son máis os que reclaman a diversificación da agricultura, aproveitando a profesionalidade dos agricultores destas zonas.

A diversidade foi sempre unha característica da nosa agricultura, de feito existen outras zonas, próximas ós núcleos de poboación, onde se mantén a produción diversificada segundo o sistema tradicional, principalmente con produtos da horta adicados ó autoconsumo, aínda que xa comezan a establecerse sistemas de agrupamento de agricultores en Rairiz de Veiga e Vilar de Santos coa finalidade de producir para o mercado.

A gandeiría constitúe un apoio ó sector principal da agricultura. Nos últimos anos apréciase un descenso das explotacións de gando vacún e a súa substitución por outras de gando ovino de la. Esta circunstancia explícase polo envellecemento da poboación que leva ao cambio do gando vacún por outro que ten un manexo máis sinxelo coa finalidade de manter as propiedades libres de maleza a través do pastoreo extensivo. A destacar son as experiencias postas en marcha en Allariz coa introdución do ovino





de leite e a recuperación da raza de vacún Limiá case a piques de desaparecer. As técnicas que se están a desenvolver nos últimos anos con éxito e o **silvopastoreo** permiten conciliar os aproveitamentos gandeiro e forestal, ó tempo que garanten unha conservación axeitada do medio ambiente.

A instalación de parques empresariais ten propiciado a implantación de empresas de diferente tipo nos últimos anos, destacando aquelas que polo seu carácter innovador sitúanse en primeira liña nos seus sectores. Materiais textís, madeiras ou pedra son transformados aquí para saír diariamente cara a destinos en todo o mundo.



Un sector en auxe é o **turismo** que comezou a acadar niveis de desenvolvemento apreciábeis a finais do século XX, cando se fai un grande esforzo por parte das administracións locais para converter en activo turístico os recursos propios: ríos, paisaxe ou patrimonio construído pasan entón do abandono á primeira liña, sendo hoxe o estandarte da reserva. O ascenso deste sector apréciase claramente nos establecementos turísticos que foron abrindo nos últimos anos: hoteis, casas de turismo rural, albergues, camping...

Nos vindeiros anos, a Reserva afrontará o reto de conservar o seu entorno en equilibrio co crecemento que, sen dúbida, este sector debe seguir tendo.



## Benestar social

A preocupación polo benestar dos habitantes da Reserva constitúe un dos obxectivos fundamentais dos catro concellos, de feito desenvolven programas e prestan servizos que permiten a participación e integración de tódalas persoas e grupos dentro da comunidade, especialmente daqueles sectores máis desfavorecidos.

A axuda no fogar, dirixida especialmente a persoas maiores ou discapacitados con dificultade para levar unha vida autónoma e a casos especiais de enfermidades ou hospitalizacións, o apoio puntual ás familias con necesidades básicas como vivenda ou alimentos, ou o asesoramento e información sobre os distintos recursos e axudas, son servizos xa consolidados dentro da Reserva.

Asemade, e atendendo a novas demandas sociais e situacións que se están a producir na actualidade, estanse a pór en marcha programas axeitados a outro tipo de necesidades que abranguen un maior número de poboación; desde actividades de dinamización cultural e deportiva, con dotación de instalacións como a Piscina climatizada en Allariz ou Escolas para Maiores en Vilar de Santos, a promoción do voluntariado con programas como o Banco de Tempo en Allariz, ou programas especialmente dirixidos á muller no rural como favorecer o seu acceso ao emprego e á formación, que se desenvolven nos catro concellos.

Allariz xa conta cun Fogar de Maiores, con diversas actividades de ocio e lecer, programa sociosanitario e outros servizos como comedor a domicilio, en Rairiz de Veiga existe un Centro

de Día que no futuro tamén terá carácter de Residencia de maiores, e tanto en Vilar de Santos como en A Bola estase construíndo un Centro de Día con Vivenda Comunitaria, que ofertará distintas actividades, servizo de comedor e lavandería, fisioterapia e terapia ocupacional, así como a posibilidade de acollemento temporal a quen o necesite.

Tamén existen programas de Educación Familiar que inclúen o apoio ás familias con menores, destacando o concello de A Bola que imparte ata clases de apoio extraescolar e o Concello de Allariz onde funcionan as chamadas Aulas de espera para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar; asemade, nun futuro próximo estarán en marcha Galescolas nos catro concellos.









FLORA  
E FAUNA  
DA  
RESERVA



## A flora da reserva

A Área da Reserva está formada por unha ampla depresión, cunha altitude media de 600 m, por onde decorre o río Limia, e rodeada dun reborde montañoso do que destaca na súa parte norte o macizo granítico de Allariz, por onde decorre encaixado o río Arnoia. É un territorio de enorme importancia bioxeográfica, xa que é fronteirizo entre dúas grandes rexións que coexisten na Península Ibérica, a Mediterránea e a Eurosiberiana. Toda a zona presenta unha paisaxe agraria tradicional, fortemente intervida polo home desde tempos remotos. Non falamos pois dun territorio salvaxe ou virxe senón, polo contrario, dunha paisaxe na que a man do home xoga un papel xa inseparable do seu futuro; é por iso, que o abandono da terra carrega con suma rapidez o deterioro da paisaxe, xa que nela a componente cultural resulta tan importante como a propia natureza.

### **Podemos determinar tres unidades que son merecedoras de protección:**

*As veigas do río Limia e as ribeiras do Arnoia e Orille*; as primeiras son terreos encravados nas marxes do canal da antiga lagoa Antela (en Rairiz de Veiga e Vilar de Santos), e as segundas son as beiras dos ríos nomeados ao seu paso por Allariz e A Bola respectivamente. Nelas destaca pola súa importancia a vexetación de ribeira, desde o amieiro (*Alnus glutinosa*), árbore máis abundosa nestes ecosistemas, ata o bidueiro (*Betula celtiberica*), o salgueiro (*Sa-*



*lix sp.*) e arbustos como o sanguíño (*Frangula alnus*) ou o espiño albar (*Crataegus monogyna*). Podemos tamén atopar unha vexetación mergullada dependente dos nutrientes das augas para o seu crecemento e desenvolvemento, como ranúnculos (*Ranunculus*), espigas de auga (*Potamogeton*), ou nenúfares (*Nymphaea*). Máis próximas ás beiras, aparecen o carrizo, a espadana, a cana e o beón.

As **touzas**, un mosaico de prados e cultivos separados por manchas arboradas, masas boscosas mixtas de carballos e “cerquiños”, cunha grande diversidade específica, e que son unidades climáticas de alto valor ecolóxico. Estes bosques de transición entre a rexión mediterránea e a eurosiberiana pre-



sentan unha maior diversidade de especies, chegando a alcanzar máis de 110 diferentes.

*As sebes*, zonas arbóreas situadas entre os campos de cultivo onde aparecen exemplares de gran porte e bo estado de conservación como carballos (*Quercus robur*), cerquiños (*Quercus pyrenaica*), freixos (*Fraxinus angustifolia*), bidueiros (*Betula celtiberica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix sp.*). Estas sebes supoñen unha importante reserva natural de flora autóctona, o que se traduce nun alto valor medioambiental como elemento de conservación da diversidade de especies vexetais.

Todas estas unidades están espacial e ecolóxicamente interrelacionadas.





## A fauna da reserva

### Os animais da casa

**Vacas e bois** constituían a base da economía dos labregos, ata incluso chegar a calcular a riqueza dunha persoa pola cantidade de animais que posuía. Tiñan grande importancia polo aproveitamento que se facía deles; leite, carne, coiro, etc. ademais do seu rendimento no traballo como animais de tiro.



A raza vacúa limiá, foi recuperada recentemente pola asociación de gandeiros de Penamá e o Centro de recuperación zootécnica de Fonte Fiz. Esta raza caracterízase pola súa grande talla, corno pequeno, patas fortes, de cor escura e moita forza.

**O porco** era fundamental para a mantenza do campesiño, sobre todo, no inverno. Desde que as crías son mercadas na feira ata a matanza, reciben unha serie de coidados destinados a cebarlo animal. Polo San Martiño, comezan as **matanzas** que duran ata xaneiro ou febreiro. Na matanza, participaban tódolos veciños que axudan a matar, despezar e elaborar os diferentes produtos que se obteñen do



animal. Todo se aproveita, polo que resolve a manutención dunha familia durante bastante tempo e aínda hoxe é un costume moi extendido.

Son abondosos os rabaños de **ovellas e cabras** dentro da Reserva, aínda na actualidade. Delas aproveitase a lá, o leite, a carne, o pelico e o esterco. Antigamente se eran moitas, ían coa “*veceira*”: sistema de quendas que seguen os veciños para coidar o rabaño, levalo pastar ó monte durante



uns días, ata que se fai cargo o seguinte. A raza máis común é a Ovella galega, mesturada con outras: a Fundación González Ferreiro de Allariz introduciu, hai algúns anos, a ovella Latxa do País Vasco, creándose a primeira explotación de ovellas de leite e dando lugar á fabricación do único queixo de ovella de Galicia.

Básicamente **cabalos, burros e mulas** eran utilizados como medio de transporte. Na Saínza, concello de Rairiz de Veiga, aínda poden verse cabalos soltos pacendo en terreos comunais.

Na actualidade, poucas casas contan con algún destes animais, aínda que hoxe son, sobre todo, empregados para deporte ou recreo.



## Os animais salvaxes

A fauna salvaxe presente na Reserva da Biosfera caracterízase por acadar un alto nivel de biodiversidade debido á riqueza e variedade de hábitats que existen, así como á interacción dos distintos ecosistemas como os bosques de ribeira, as zonas encharcadas, os prados, montes e cultivos. Os anuros (anfíbios sen cola) e as aves ciconiformes, limícolas e rapaces, son os grupos faunísticos máis relevantes, xunto coa comunidade de mamíferos que é tamén ampla.



Moitos destes animais están íntimamente ligados á actividade humana, especialmente agraria e gandeira, e a súa conservación vai da man do mantemento dos ecosistemas onde habitan e polo tanto dos modos de vida tradicionais que modelan unha paisaxe humanizada en equilibrio co medio, onde cada especie ten unha función importante e ben definida. A modificación dunhas poboacións supoñen alteracións noutras que, en xeral, son menos desexables para o home, supondo aumento de pragas, danos en cultivos, expansión de especies invasoras, etc.



Especial importancia ten o mantemento dos ecosistemas vencellados á rede fluvial, pois son corredores ecolóxicos que comunican diferentes zonas e evitan o illamento das pequenas poboacións.



Existen numerosas especies que son endemismos (animais propios e exclusivos desta área) e outras que están incluídas nos diferentes listados de protección.

Destacamos algunhas especies que son singulares e algunhas delas en perigo de extinción:

**Mamíferos:** Furón bravo, Lontra, Teixugo, Xeneta, Doniña (*Mustela nivalis*), Lobo, Raposo, Corzo, Xabarín e Coello (*Oryctolagus cuniculus*).

**Aves:** Cegoña, Buxato (*Buteo buteo*), Aguia, Azor, Falcón, Avefría, Bilurico, Mazarico real, Sisón (*Tetrax tetrax*), Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), Garza e Perdiz (*Alectoris rufa*).

**Réptiles:** Lagarto verdinegro, Lagarto ocelado, Lagartiña, Sapoconcho galego-galápagos europeo (*Emys orbicularis*), Víbora galega, Cobra de collar (*natrix natrix*), Cobra de escaleira (*Elaphe scalaris*) e Cobra bastarda (*Malpolou mospessulanus*).



**Anfibios:** Ra común, Ra patilonga, Ra de San Antón, Sapo común, Sapo corredor, Tritón ou Pinta-fontes, Saramaganta, Saramaganta rabuda.

**Insectos:** Vacaloura, Bolboretta pavo real.

**Molusco bivalvo:** Mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*).






# OS NÚCLEOS DE SOSTIBILIDADE

A preocupación mundial polo desenvolvemento sostible.

Xa no ano 1972, a *Conferencia das Nacións Unidas* reunida en Estocolmo falou por primeira vez da necesidade de advertir ao mundo dos perigos do desenvolvemento sen control. Quince anos máis tarde, no 1987, a *Comisión Mundial para o Desenvolvemento e o Medio Ambiente* publicou un relatorio titulado “O noso futuro común”; neste informe empregouse por primeira vez o termo “*desenvolvemento sostible*”.





No entanto, aínda tiveron que pasar vinte longos anos para que no chamado *Cumio da Terra* celebrado en Brasil en 1992, se conseguise un amplo acordo intergubernamental que se había plasmar na concreción de cinco documentos:

1. Declaración de Río sobre Medio e Desenvolvemento.
2. Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático
3. Convenio sobre a Diversidade Biolóxica.
4. Axenda 21.
5. Principios sobre o manexo, a conservación e o desenvolvemento sostible dos bosques.

Neste informe defínese o desenvolvemento sostible como *aquela forma de desenvolvemento que satisface as necesidades do presente sen comprometer as do futuro* e nel destacan tres conceptos fundamentais:



- a) O recoñecemento de que xa non se pode tomar decisións sobre política económica sen ter en conta as repercusións ambientais.
- b) A importancia de non pensar só en crear riqueza, senón tamén en que o seu reparto sexa equitativo.
- c) E por último a máis novidosa de todas, “recoñecer os dereitos das xeracións futuras”.

**En resumo:** O desenvolvemento sostible debe ser entendido como un crecemento económico que promova o progreso e o equilibrio social e que, ao mesmo tempo, faga un uso racional dos recursos sen producir deterioro no medio ambiente e sen hipotecar o futuro.

**Baixo esta idea nacen en Galicia, impulsados pola Xunta de Galicia.**



## OS NÚCLEOS DE SOSTIBILIDADE

“O obxectivo deste proxecto, a desenvolver inicialmente como experiencia piloto, é posibilitar a integración, a nivel local, de todas as accións susceptibles de ser promovidas ou respaldadas polas administracións municipal e autonómica que garden relación directa coa consecución dun desenvolvemento local sostible, coordinándoas en aplicación dos diversos instrumentos que se poden implementar (Avaliación estratéxica da sostibilidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal, Axendas 21 local e escolar, educación ambiental, instrumentos de sostibilidade empresarial, de gobernanza municipal, etc). Para iso elabóranse, de forma simultánea e harmonizada, todas estas ferramentas de planificación da sostibilidade, co fin de deseñar un **“Plan Integrado de Sostibilidade Local”**, vertebrando actuacións que serán consideradas de carácter prioritario, non só pola Administración local senón tamén polas de orde superior, e que por tanto, recibirán o apoio preferente destas para a súa execución posterior.

O plan integrado de sostibilidade local será pois o instrumento básico de decisión nas actividades de goberno do concello, onde se sentarán as bases dun proxecto a longo prazo, definindo liñas de acción específicas que coordinen os recursos e esforzos provenientes das distintas Administracións públicas e das diversas áreas de goberno municipal para satisfacer todas as necesidades comúns, estruturais ou innovadoras. Para adaptar as súas pro-

postas aos cambios e movementos no tempo, de acordo coas condicións políticas, económicas, sociais e tecnolóxicas de desenvolvemento, conterá indicadores de seguimento sobre os resultados, sempre contando coa participación dos axentes sociais e económicos. Os municipios ou entidades locais nos que se leve a cabo esta acción recibirán a denominación de “Núcleos de sostibilidade”.

Con data de 17 de setembro de 2006, reuniuse en Santiago de Compostela a Comisión Mixta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Federación Galega de Municipios que, tras un estudo das solicitudes presentadas ao Anuncio publicado no DOGA o pasado mes de abril de 2006 polo que se lle deu publicidade ao proxecto de implantación de núcleos de sostibilidade, decidiu por unanimidade a selección de sete “Núcleos de sostibilidade” entre eles a **Reserva da Biosfera “Área de Allariz”**, que comprende os concellos de Allariz, A Bola, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos, representados pola Asociación para o Desenvolvemento Sostible do Medio Rural da Reserva da Biosfera “Area de Allariz”.





## **C**oidar a reserva é **C**responsabilidade de todos.

O bo uso da terra practicado durante séculos, e que favoreceu enormemente a conservación medioambiental, constitúe un dos máis importantes valores da Reserva. Os nosos pais e avós coidaron de non malgastar o que a natureza lles ofrecía, usando tan só aquilo que necesitaban e evitando desperdiciar nada.

Polo tanto hoxe, todos os que vivimos nela, debemos ser coidadosos cos cambios nos xeitos de traballar e de aproveitar o noso territorio, procurando non estragar o acadado ata agora.

### **Algunhas medidas e bos costumes para o Aforro de Enerxía e Auga**

Facer a construción ou rehabilitación de vivendas pensando no aforro enerxético: aproveitar a calor do sol para quentar a casa mediante unha boa orientación das ventás cara o Sur ou utilizar un bo illamento das paredes e ventás.

Facer uso das enerxías renovables nos edificios: os paneis solares son unha boa alternativa para abastecer o fogar de auga quente ou calefacción.

Aproveitar a leña para quentar a casa, axudando a manter os bosques limpos, e evitando o consumo de combustibles fósiles como o petróleo ou o carbón.

Utilizar lámpadas e electrodomésticos de baixo consumo, ¿Sabías que unha lámpada de



aforro de 15 W alumea tanto como unha normal de 40 W, e dura 10 veces máis?.

Apagar a televisión se non se está a ver, non deixar as luces acesas sen necesidade ou manter a calefacción a unha temperatura axeitada.

Evitar usar pilas e, no caso de facelo, empregar pilas recargables, ou mercar un cargador solar. Cando as pilas se esgoten, deposítaas nos contedores axeitados.

Empregar o transporte público para chegar á escola ou ó traballo. Camiñar ou empregar a bicicleta nos desprazamentos curtos.

**A auga é un ben, cada vez máis escaso, que debemos coidar como un tesouro. Algúns consellos que debemos ter en conta son:**

Ducharse en vez de bañarse, aforra auga.

Instalar sistemas de aforro de auga na cisterna, billas, etc. Introducir unha botella chea de area dentro da cisterna para aforrar 1 litro de



auga cada vez que se tira da cadea. ¿Cantos litros de auga podes aforrar deste xeito ó ano na túa casa?

**En canto ao uso da auga no xardín, no agro ou na granxa, hai que procurar:**

- Reducir ó mínimo a produción de augas sucias.
- Revisar as canalizacións e conducións de auga para evitar fugas.
- Regar nas horas de baixa insolación e só o necesario.
- Instalar sistemas de recuperación e depuración das augas de lavado do gando para evitar a contaminación do entorno.
- Empregar bebedoiros automáticos que non desperdicien a auga.
- Ter especial coidado no uso de abonos minerais, especialmente os nitroxenados, xa que contaminan os ríos e as fontes.



## ¿Qué facer cos residuos?

- Lémbrate da regra dos 3 erres: reduce, reutiliza e recicla, así colaborarás na recollida selectiva. Pero, sobre todo, REDUCE a cantidade de lixo que produces. ¿Sabías que cada galeg@ produce ó redor de 1 quilo de lixo ó día?. Calcula os quilos producidos ó longo dun mes, ¿e dun ano?
- Os residuos orgánicos, os restos de comida, ¿quen os vai a aproveitar mellor co porco ou o can? Tamén se poden usar como abono para a horta ou o xardín.
- Nas vivendas con lareiras, o papel pode usarse para acende-lo lume, como se fixo toda a vida.
- Aproveitar o papel polas dúas caras e usar papel reciclado. Aforrarás auga, enerxía e contribuirás á conservación dos nosos bosques.



- Os envases domésticos podemos separalos para cadanseu colector.



- No colector amarelo: os plásticos, briks e envases metálicos.
- No azul: cartón e papel.
- No iglú verde: o vidro.



- Cando merques escolle preferentemente produtos reutilizables, reciclables ou biodegradables.

- Nunca tirar aceite e graxas ó solo, nin a cursos de auga, fosas sépticas ou á rede de sumidoiros.
- Non tirar escombros en vertedoiros non autorizados.
- Se utilizas produtos fitosanitarios é importante obter o carné de aplicador destes produtos e levar os envases aos puntos axeitados de recollida.

### **Conservar o solo e o entorno natural**

- Restrinxir o uso do lume ó mínimo: O lume pode destruír zonas que tardarán moitos anos en rexenerarse, non fagas queimas sen permiso; por moi pequeno que penses que será o lume, e aínda que teñas permiso, non acendas se se levanta o vento.
- Reducir as superficies de solo sen vexetación para evitar a súa perda pola erosión. Procura utilizar sementes ou esqueixes de plantas de horta do sitio no que vives, están mellor adaptadas ó clima da zona e resisten mellor as pragas.
- Intercalar plantas aromáticas que fagan de insecticidas naturais.
- Recuperar os solos esgotados aportando materia orgánica (por exemplo, esterco).
- O bo mantemento das presas e outras canalizacións da auga da chuvia evitan a erosión do solo e os danos polas trombas de auga.

- Protexe o bosque das marxes dos ríos xa que manteñen o cauce no seu sitio.
- Utiliza barreiras de vexetación ou sebes para separar as fincas xa que conservan a humidade e crean abrigo protexendo dos ventos.
- Realiza un bo uso dos estercos e xurros tendo en conta o seguinte:
  - Realiza aplicacións directas dos xurros evitando a pulverización.
  - Revisa que as fosas non teñan filtracións ó terreo.
  - A súa capacidade debe ser suficiente para acoller o volume xerado no inverno.
  - Aplica os xurros en épocas nas que non chova en esceso para evitar o seu lava-



do e a contaminación de ríos e fontes.

- Deixa unha franxa sen abonar de 10 a 15 metros respecto dos ríos e de 5 metros respecto doutras fincas e casas.
- Deixa sen abonar de 35 a 50 metros de distancia ás fontes ou pozos.
- Sitúa as pilas de esterco fóra de zonas por onde escorra a auga.

**Sobre todo o máis importante é aplicar o sentido común. A día de hoxe a inmensa maioría dos veciños e veciñas sabemos o que debemos facer, pero o importante é facelo. Se xa o fas, grazas por axudarnos a coidar a Reserva.**





